



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 6 DE MARZO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomean vogais do Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias
- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Delineantes de Lugo que pasa a denominarse Colexio Oficial de Delineantes Superiores Proxectistas de Lugo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo de aprobación do plan económico e financeiro da Sociedade Pública de Investimentos

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Asociación Galega de Fabricantes de Maquinaria para a Pedra (GALIMAC), a Asociación de Canteiras de Galicia (ACG), a Asociación Galega de Graniteiros (AGG) e a Asociación Galega de Pizarristas (AGP) para a realización de accións de fomento do grupo de actividades de minerais non metálicos



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, para o apoio ás actividades de promoción do software libre en Galicia

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de alta tensión 132kV subestación Mondoñedo á subestación Boimente nos concellos de Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourense e Viveiro sobre a do monte veciñal en man común Esculca, Barreira, Moura, Cabaleiros e Rego Madeiro pertencente á Comunidade de Montes de Vilacampa, no concello do Valadouro e monte veciño Buiro pertencente á Comunidade de Montes de San Andrés de Boimente, no concello de Viveiro, promovido pola empresa Electra de Viesgo Distribución

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza o gasto correspondente ao contrato de concesión de obra pública para a redacción do proxecto, construción e explotación da estación depuradora de augas residuais de Ribadeo, Lugo, por un importe de 20.590.953, 42 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde de convocatoria para o ano 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias co Plan FIP, anticipos de ata o 65% do importe das subvencións no momento da súa concesión
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde pola que se establecen as bases reguladoras, e se procede á convocatoria para o ano 2008 de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas, anticipos de ata o 65% do importe das subvencións no momento da súa concesión



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial do parque empresarial da Pobra de Trives (Ourense) e do correspondente proxecto de obras públicas
- Acordo polo que se autoriza a Xestur Coruña para a contratación das obras de urbanización do parque empresarial de Arteixo
- Acordo polo que se autoriza a Xestur Coruña para a contratación das obras de urbanización do parque residencial de Bertón (Ferrol)

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Traballo, con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller



O CONSELLO NOMEA VOGAIS DO CONSELLO REITOR DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

- *Son os catro representantes dos concellos de Galicia designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se nomean vogais do consello reitor da Axencia Galega de Emerxencias en representación dos concellos galegos a:

- José Luis García García, alcalde de Brión
- José Antonio Dono López, alcalde da Estrada
- Francisco Javier Caínzos Vázquez, alcalde de Curtis
- Martiño Noriega Sánchez, alcalde de Teo

Estes catro vogais, designados pola Fegamp, únense aos outros vogais nomeados polo Consello na súa xuntanza do 13 de decembro de 2007, que son:

- O director xeral de Xuventude e Solidariedade, Rubén Cela Díaz, en representación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- O director xeral de Obras Públicas, Manuel Morato Miguel, en representación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.
- O director xeral de Montes e Industrias Forestais, Alberte Blanco Casal, en representación da Consellería do Medio Rural.
- O director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, Julio Villar Barreiro, en representación da Consellería de Sanidade.
- O director xeral de Recursos Mariños, Antonio García Elorriaga, en representación da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- O secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Jorge Antonio Santiso Blanco, en representación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- Manuel Bao Iglesias, na súa condición de experto en materia de emerxencias.
- Jerónimo Puertas Agudo, na súa condición de experto en materia de emerxencias.
- Juan José González Fernández na súa condición de experto en materia de emerxencias.
- O xefe da unidade de Protección Civil da Delegación do Goberno en Galicia, José Luis Ucieda Somoza, en representación da Administración do Estado.

Segundo establece o estatuto da Axencia, o seu Consello Reitor está formado por unha presidencia –que corresponde ao titular da Consellería competente en materia de protección civil-, unha vicepresidencia -o titular do órgano directivo da Consellería encargada da xestión de emerxencias e protección civil que designe o seu titular-,



unha xerencia, dezaseis vogalías e unha secretaría. A pertenza ao consello non xera dereitos laborais nin económicos.

As funcións deste consello son, entre outras, coñecer e aprobar as directrices xerais de actuación do organismo, o plan anual de actividades, a memoria de actividades do exercicio anterior, o regulamento de réxime interior e o seu anteproxecto de orzamento anual; nomear e cesar –por proposta da Presidencia da Axencia- o xerente e secretario xeral dela; emitir informe sobre as normas relativas a disposicións e actos que afecten as funcións da AXGE; e coñecer os convenios de colaboración subscritos pola persoa titular da Presidencia en materia de xestión de emerxencias. Reunirase polo menos unha vez ao ano.

Os vogais do Consello Reitor da Axencia son o titular da Secretaría Xeral da consellería competente en materia de emerxencias; o titular da Dirección Xeral competente en materia de interior; un representante, con categoría cando menos de director xeral, de cada unha das consellerías competentes en materia de voluntariado, urbanismo e transportes, montes e incendios forestais, sanidade, pesca e asuntos marítimos e medio ambiente; tres vogais designados pola Presidencia do Consello entre persoas expertas e de prestixio en materia de emerxencias; catro representantes dos concellos de Galicia designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias –que foron nomeados hoxe polo Consello da Xunta-; e un representante da Administración do Estado, nomeado pola Delegación do Goberno.

Colexio de delineantes

Doutra banda, o Consello aprobou a través dun decreto o cambio de denominación do Colexio Oficial de Delineantes de Lugo, que pasa a chamarse Colexio Oficial de Delineantes e Técnicos Superiores Proxectistas de Lugo.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ESTABECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *A Subdirección Xeral de Disciplina e Informes e os servizos provinciais de Protección do Litoral ata agora dependentes da CPTOPT, intégranse na APLU*
- *A Axencia é un órgano consorciado cos concellos que se encargará da vixilancia e inspección do territorio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) e se definen as funcións correspondentes ás súas unidades administrativas.

A APLU -constituída de xeito efectivo o pasado mes de novembro tras a aprobación dos seus estatutos- é un ente consorciado cos concellos que se encargará da vixilancia e inspección do territorio e da protección do litoral coa finalidade de velar polo cumprimento da legalidade, previndo e combatendo as infraccións en materia de urbanismo e de costas, sobre todo as que se poidan cometer en zonas especialmente sensibles.

O decreto aprobado hoxe é un regulamento de carácter organizativo no cal se establece, entre outros, que a Subdirección Xeral de Disciplina e Informes e os servizos provinciais de Protección do Litoral que ata agora estaban integrados na Consellería de Política Territorial, pasan a depender da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Deste xeito, a APLU asume as competencias en materia de disciplina urbanística e de protección do litoral que están actualmente atribuídas á CPTOPT. Pola súa banda, o Consello da Xunta manterá a competencia para resolver os expedientes sancionadores tramitados pola Axencia.

Estrutura

A estrutura orgánica da Axencia está composta polos órganos directivos (o Consello Executivo e o director/a da APLU), a Subdirección da Axencia (baixo a dependencia directa da dirección), as unidades administrativas centrais (nas cales se inclúen os Servizos de Inspección Urbanística de ámbito territorial, o Servizo de Inspección do Litoral e o Servizo Técnico) e as unidades administrativas provinciais (unha por cada provincia).

Funcións

Os estatutos recollen de xeito pormenorizado as funcións da Axencia, á cal lle corresponde, entre outros, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na Lei do solo, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes



sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.

Adhesión

Os estatutos (publicados no DOG do 16 de novembro) establecen que serán membros da Axencia a Xunta de Galicia e aqueles concellos que voluntariamente se integren nela nos termos e condicións establecidos. A incorporación por parte dos concellos interesados realízase a través dun convenio de adhesión previamente aprobado polo correspondente pleno da corporación e polo Consello da Xunta.



A SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS APROBA A CONTRATACIÓN DE OBRAS ESTE ANO POR UN IMPORTE DE 150,2 MILLÓNS DE EUROS, MÁIS DO DOBRE CÓ ANO PASADO

- *A SPI acometerá novas obras da Consellería de Política Territorial por valor de 85 millóns de euros, entre as que destacan o corredor Brión-Noia, a vía de alta capacidade Tui-A Guarda ou a terceira rolda da Coruña*
- *Tamén contratará a construción da nova sede do 112 SOS-Galicia; de varios centros educativos e de benestar ou das redes de camiños de novas concentracións parcelarias en catro novos concellos*
- *A sociedade dependente da Consellería de Economía e Facenda investirá no período 2008-2010 un total de 213 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Económico e Financeiro da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) Galicia que permitirá que a sociedade dependente da Consellería de Economía e Facenda inicie neste exercicio a contratación de obras por un importe de 150,2 millóns de euros, máis do dobre có ano anterior. O plan de carácter plurianual aprobado hoxe establece obras de distintas consellerías en ámbitos como as comunicacións por estrada, os centros educativos, os servizos públicos ou as infraestruturas rurais. O plan prevé un investimento global de 213 millóns de euros no período comprendido entre este ano e o 2010.

A aprobación do Plan Económico-Financeiro Global para o ano 2008 permite iniciar a contratación de obras por valor de 150,2 millóns de euros, coa seguinte distribución por orde de contía:

- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: 85 millóns de euros
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 28 millóns de euros
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 15 millóns de euros
- Consellería de Economía e Facenda: 10 millóns de euros
- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: 6,7 millóns de euros
- Consellería do Medio Rural: 5,5 millóns de euros

Dentro dos novos mandatos para o exercicio 2008 correspondentes á Consellería de Política Territorial, salientan as actuacións do corredor Brión-Noia no treito Martelo-Noia; a primeira fase da Vía de Alta Capacidade Tui-A Guardia; ou o terceiro treito da Terceira Rolda de Circunvalación da Coruña, cuxos dous primeiros treitos están actualmente en obras. Ademais destas actuacións de nova contratación seguen en curso obras xa licitadas no treito Cabreiros-Vilalba que completa a actuación de conexión de Ferrol coa Trascantábrica, o terceiro treito da A.G.-59 (variante de



Cacheiras), ou o treito Cee-Sardiñeiro da Vía de Alta Capacidade Carballo-Fisterra, xa licitada e con inicio previsto no vindeiro mes de abril, obras que suman 50,6 millóns de euros .

No ámbito da Consellería de Presidencia, destacan actuacións de reforma, ampliación e nova construción nos xulgados de Vigo, Celanova, A Estrada, Santiago e Padrón; e as relativas ao programa de Parques Comarcais de Bombeiros en Sarria, Vilalba e Chantada, entre outros.

Ademais, iníciase a contratación do edificio para sede do 112 de Emerxencias de Galicia e do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Ademais, hai diversas obras de reforma e modernización en diversas dependencias administrativas en curso con 4 millóns de euros para rematalas.

Centros educativos

No ámbito da Consellería de Educación, a SPI ten mandato de executar obras en diferentes centros educativos, como IES de Culleredo, ou os centros de educación infantil e primaria de Vilanova de Arousa, Arteixo, Pontearas e Ourense

Polo que atinxe á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a SPI abordará a contratación das obras para a Unidade de primeira acollida e valoración en Rábade (Lugo), e a ampliación do Módulo de Asistidos na Residencia de Maiores en Ferrol.

Finalmente, e no que respecta á Consellería do Medio Rural, a SPI tamén abordará actuacións en redes de camiños de novas concentracións parcelarias en San Xulián de Grixalba (Sobrado dos Monxes); Ramil (Castro de Rei); Rubiá dos Mixtos (Calvos de Randín) e Meabia-Quintillán (Forcarei). Ademais, remataranse outras 10 redes xa licitadas das que restan por executar 8,2 millóns de euros nos concellos de Oroso, O Pino, Abegondo, Negreira, Lalín, A Porqueira, Alfoz e O Valadouro.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA APOIARÁ A PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS DE MINERAIS NON METÁLICOS NA FEIRA INTERNACIONAL DA PEDRA NATURAL 2008

- *A consellería fará unha achega de 500.000 euros para financiar a presenza das empresas nesta feira*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá, a instancia da Consellería de Innovación e Industria, a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e todas as asociacións relacionadas cos sectores de minerais non metálicos (Asociación Galega de Fabricantes de Maquinaria para a pedra (GALIMAC); a Asociación de Canteiras de Galicia (ACG); a Asociación Galega de Graniteiros (AGG); e a Asociación Galega de Pizarristas (AGP)) mediante o cal a consellería achegará 500.000 euros para financiar a presenza das empresas adscritas a estas distintas organizacións na Feira Internacional da Pedra Natural 2008.

As empresas que pertencen a estas organizacións e que participen na citada feira, estarán agrupadas dentro do espazo expositivo denominado Galicia, que contará cun máximo de 200 m² de superficie. A Feira Internacional de Pedra Natural 2008 é un evento que se celebrará en Madrid do 7 ao 10 de maio do presente ano.

A XUNTA INVESTIRÁ 675.000 EUROS NA PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

- *O Goberno galego promoverá a agrupación das iniciativas de software libre nun centro de referencia e servizo de software libre*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia dunha partida de 675.000 euros ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), dependente da Consellería de Innovación e Industria, para o desenvolvemento de actuacións que promocionen o software libre na Comunidade Autónoma. Así mesmo, o Goberno galego promoverá o desenvolvemento dun centro de referencia e servizo de software libre que sexa capaz de aglutinar e colaborar na xestión das distintas iniciativas para a promoción do software libre promovidas pola Consellería de Innovación e Industria, dentro dunha acción estratéxica para dinamizar os recursos e servizos que caracterizan a sociedade da información.

Ademais, apoiaranse todas aquelas actividades destinadas a promover a localización de software libre en galego co obxectivo de manter actualizada como mínimo unha configuración de escritorio ofimático multimedia completamente funcional en galego; reforzar o actual repositorio de software libre e documentación en galego, a Forxa (localizado no portal web da Consellería www.mancomun.org), levando a cabo accións directas de dinamización en contornos empresariais e universitarios; facilitar e incrementar a implantación de software libre e de estándares abertos con especial atención ao contorno empresarial; e emprender accións de formación divulgativa sobre os conceptos do software.

Por outra parte, a Consellería de Innovación e Industria impulsará o uso das ferramentas libres máis estendidas, os mecanismos de liberación de software e as dinámicas de participación que favorezan a integración de novos membros na comunidade de desenvolvemento do software libre; apoiar os labores de observación e prospección estatística sobre estudos de software libre realizadas polas entidades e institucións galegas competentes; promover a participación e coorganización de sesións de traballo con comunidades de desenvolvemento de software libre para facilitar e fomentar a integración da comunidade galega do software libre nas dinámicas de organización e produción baseadas no traballo colaborativo internacional en rede e fornecer un servizo de soporte técnico de primeiro nivel como apoio á posta en marcha de iniciativas baseadas en software libre consideradas de interese.



A XUNTA DECLARA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DA LIÑA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN SOBRE AS COMUNIDADES DE MONTES DE VILACAMPA E BOIMENTE, NA MARIÑA LUCENSE

O Consello da Xunta acordou hoxe, por proposta da Consellería do Medio Rural, declarar a prevalencia de utilidade pública do proxecto de instalación da liña eléctrica de alta tensión a 132 kV- subestación Mondoñedo á subestación Boimente, nos concellos de Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourense e Viveiro sobre a dos montes veciñais Esculca, Barreira, Moura, Cabaleiros e Rego Madeiro, da comunidade de Vilacampa, e en Buio, da comunidade de Boimente, promovido pola empresa Eléctrica de Viesgo Distribución SL.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe favorable da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicase o expediente ás comunidades afectadas sen que se efectuasen alegacións. Así, emítese informe favorable á a prevalencia de utilidade pública do proxecto sobre o uso propio do monte, cunha superficie de afección de 2,39 ha na comunidade de montes de Vilacampa, no concello do Valadouro, e de 3,7 ha na comunidade de montes de San Andrés de Boimente, de monte conveniado, no Concello de Viveiro.

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo para a aprobación de proxectos de instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento. A lei do sector eléctrico declara de utilidade pública as instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA 20,6 MILLÓNS DE EUROS Á REDACCIÓN DO PROXECTO, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA DE RIBADEO

- ***A nova infraestrutura terá capacidade para tratar as augas residuais de 30.000 habitantes da localidade lucense***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, aprobou hoxe a redacción do proxecto, construción e explotación da depuradora de augas residuais de Ribadeo, na provincia de Lugo. A actuación conta cun orzamento de 20.590.953 euros, nos cales se inclúe a explotación da depuradora a 20 anos.

O proxecto aprobado hoxe conta cun prazo de execución das obras de 12 meses, aos cales hai que sumar 3 meses máis para a redacción e elaboración do proxecto definitivo. A depuradora terá capacidade para tratar as augas residuais de 30.000 habitantes equivalentes, é dicir, está dimensionada prevendo o crecemento da zona a que vai dar servizo.

As obras consisten na execución dunha depuradora que ocupará unha parcela de arredor de 17.000 metros cadrados e incluírá un novo emisario submariño, que se construírá coa traza paralela á existente.

A construción da infraestrutura ten como fin dar cumprimento á directiva europea 91/271 sobre o tratamento de augas residuais e á Lei 8/2001, de protección de calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración. Precisamente, a depuradora forma parte do plan de saneamento da Consellería de Medio Ambiente posto en marcha en 2007 para dar cumprimento á directiva europea que obriga os núcleos de máis de 2.000 habitantes a teren sistemas de depuración. Este plan inclúe a construción de 20 depuradoras, das cales 13 se licitaron xa o pasado ano. Das sete restantes, a de Ribadeo é a primeira que se aproba en 2008, mentres que as restantes seguen pendentes da presentación de documentación municipal ou da posta á disposición dos terreos para a súa construción por parte dos concellos.



TRABALLO INVESTIRÁ 2,9 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS FORMATIVAS EXPERIMENTAIS E COMPLEMENTARIAS DO PLAN FIP AO LONGO DE 2007

- *Poderán solicitar estas axudas empresas, entidades sen ánimo de lucro, universidades ou entidades locais*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se establecen as axudas e subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan Nacional de Formación e Inserción Laboral (Plan FIP). Ao longo de 2008 a Consellería de Traballo investirá un total de 2.920.000 euros no desenvolvemento deste tipo de actividades formativas, dirixidas a persoas que se atopan en situación de desemprego. Este programa formativo está financiado polo Fondo Social Europeo, que achega o 80% do orzamento total, e pola Administración autonómica.

Tal e como se recolle no texto da orde, as accións subvencionables son os proxectos formativos experimentais que non teñen cabida dentro das actividades do Plan FIP e que melloran a empregabilidade das persoas destinatarias. Este grupo de axudas está dirixido a empresas, agrupacións de empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais e corporacións de dereito público.

En segundo lugar, a orde inclúe os cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas, así como daquelas entidades expresamente vinculadas á relación universidade-empresa. Estes cursos deberán estar dirixidos á mellora da empregabilidade das persoas con titulación universitaria. Deberán, ademais, ter carácter ocupacional e ser útiles para a mellora da inserción laboral das persoas posgraduadas. Poderán presentarse a esta convocatoria de axudas as universidades galegas, así como entidades expresamente vinculadas á relación universidade-empresa.

Cómpre sinalar que estas accións non poderán superar as 600 horas, salvo autorización expresa da Dirección Xeral de Formación e Colocación. Ademais, as entidades só poderán solicitar un máximo de 5 accións formativas por localidade.

Axudas

As axudas que se concedan para o desenvolvemento destas actividades de formación serán para compensar os custos derivados da súa execución. No caso de que as accións formativas estean dirixidas a alumnos con discapacidade, o importe da axuda incrementárase un 35%, co obxectivo de financiar o persoal de apoio e a adaptación curricular ou do material didáctico.



Valoración das accións formativas

As solicitudes de axudas avaliaranse en función do tipo de acción formativa que se propoña, da inclusión ou non de prácticas profesionais, do compromiso de inserción laboral, do axuste das accións aos certificados de profesionalidade e da calidade do centro.

No que respecta á avaliación da propia acción formativa, terase en conta a súa calidade, así como a súa relación co anexo que se publica coa orde. Este documento foi elaborado a partir dun estudo sobre os novos filóns de emprego, ordenados pola Comisión Europea en catro grandes seccións: *vida diaria, mellora da calidade de vida, cultura e lecer e protección do medio natural*. Tamén foi tida en conta unha serie de ocupacións que, segundo o Observatorio Ocupacional da Dirección Xeral de Formación e Colocación, presentan unha evolución positiva ao longo dos 5 anos analizados e que se integran nos novos filóns de emprego.

Na sección correspondente á calidade do centro terase en conta o informe correspondente de seguimento e control, así como os seus datos sobre xestión administrativa e contable.



TRABALLO FINANCIARÁ CON MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DIRIXIDAS A TRABALLADORES OCUPADOS

- *O Goberno galego aprobou a orde pola que se convocan axudas para a posta en marcha de actividades de formación para o ano 2008*
- *Coa aprobación desta orde tamén se establece a posibilidade de solicitar o adianto dun 65% da subvención*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a traballadores ocupados para o ano 2008. Ademais, tamén se aprobou a concesión de anticipos de ata o 65% das axudas destinadas ás accións para os traballadores ocupados, que contarán cun orzamento de máis dun millón de euros.

A formación profesional para ocupados ten como finalidade proporcionar aos traballadores ocupados a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral. O obxectivo é que obteñan coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisan as empresas, para facelos máis competitivos no mercado laboral.

As accións subvencionables serán aquelas dirixidas á adquisición de competencias profesionais teóricas ou prácticas estruturadas nunha unidade pedagóxica. A duración das accións non superará as 250 horas, e en ningún caso terán unha duración inferior ás 10. Os destinatarios destas actividades de formación son os traballadores ocupados nas pequenas e medianas empresas (Pemes), e os socios traballadores das entidades de economía social, así como os autónomos.

Por outro lado, terán prioridade as persoas maiores de 45 anos en sectores en que se introduzan as novas tecnoloxías, traballadores con dificultades para o acceso á formación, e os propietarios e traballadores de microempresas ou traballadores de zonas afastadas da oferta formativa. Tamén se priorizará a participación dos traballadores de Pemes, dos traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos e das mulleres con independencia do sector produtivo en que se atopen.

As contías destinaranse a compensar os custos derivados da execución das actividades, sempre e cando se trate de gastos elixibles e se xustifiquen. Naquelas accións dirixidas especificamente a discapacitados incrementarase o importe total nun 35%, co obxecto de financiar o persoal de apoio e a adaptación curricular ou do material didáctico necesario.



Poderán ser beneficiarias da concesión destas subvencións as entidades sen ánimo de lucro, incluídas no censo de centros colaboradores de formación profesional da Consellería de Traballo; as empresas e agrupacións de empresas; e as corporacións con dereito público.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DA POBRA DE TRIVES

- *O Goberno galego tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento deste parque empresarial*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o proxecto sectorial e o proxecto de urbanización do parque empresarial de Pobra de Trives. Esta actuación desenvolverase sobre unha superficie de 33.000 metros cadrados no lugar da Gándara.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras, instalacións e servizos previstos co desenvolvemento do parque empresarial da Pobra de Trives, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación.

Coa aprobación definitiva por parte do Consello da Xunta, a Consellería de Vivenda e Solo conclúe a tramitación administrativa do proxecto sectorial, que será remitido ao Concello da Pobra de Trives como Administración encargada do desenvolvemento do parque empresarial.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A XESTUR A CORUÑA PARA CONTRATAR AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE ARTEIXO POR 52,5 MILLÓNS DE EUROS E DA ZONA RESIDENCIAL DO BERTÓN, EN FERROL, POR 10,6 MILLÓNS DE EUROS

- *O parque empresarial de Arteixo terá unha superficie bruta de case 1.500.000 metros cadrados e contará cun enlace directo coa autovía do Noroeste e autoestrada A Coruña- Carballo*
- *O Goberno galego construírá ata 1.300 vivendas protexidas no Bertón*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a Xestur A Coruña, empresa pública adscrita á Consellería de Vivenda e Solo, a xestionar a contratación das obras de urbanización do parque empresarial de Arteixo por importe de 52.589.329 euros e as obras de urbanización da zona residencial do Bertón, no concello de Ferrol, por 10.691.203 euros.

Parque empresarial de Arteixo

O parque empresarial de Arteixo terá unha superficie bruta de 1.479.762 metros cadrados, dos cales 949.686 metros cadrados son de superficie empresarial. Contará con 92 parcelas de tres tipos, parcelas de ata 10.000 metros cadrados, parcelas de entre 10.000 e 50.000 metros cadrados e parcelas de entre 50.000 e 130.182 metros cadrados. A ordenación do ámbito inclúe un enlace directo coa autovía do Noroeste A-6 e a autoestrada A Coruña-Carballo.

A Consellería de Vivenda e Solo analiza a ampliación deste parque ata un total de 5 millóns de metros cadrados, decisión que se adoptará en función do resultado do estudo de viabilidade, que se está elaborando e que estará listo nas próximas semanas.

1.300 vivendas protexidas

O proxecto do sector residencial do Bertón, no concello de Ferrol, supón a urbanización de 138.000 m², dos cales 29.500 m² son para solo residencial co obxecto de construír ata 1.300 vivendas protexidas. Unha parte significativa desta vivendas será de promoción pública (VPP), construída pola Consellería de Vivenda e Solo, que as ofrecerá en réxime de aluguer. O resto das parcelas serán ofertadas en concurso público aos promotores privados para a construción de vivenda con algún tipo de protección (VPA).

Ademais, na área do Bertón hai unha reserva de 18.000 m² de solo de uso dotacional para instalación de servizos sanitarios ou asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios, e 26.400 m² para zonas verdes.



O proxecto de urbanización resolve tamén a mellora dos accesos ao Bertón: acceso pola Avenida das Pías, como vía natural desde a cidade, acceso pola Avenida Nicasio Pérez, en caso de vir desde Narón, desde o centro comercial ou desde o parque Empresarial da Gándara, e acceso pola rúa Sartaña desde o ensanche de Ultramar.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

A subordinación das mulleres é aínda no século XXI un feito constatable a escala global. A sociedade galega ten reflexionado sobre as causas que orixinan as situacións de desigualdade das mulleres fronte aos homes e tense caracterizado por participar dun xeito activo e construtivo para evitalas.

O principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes e mailo emprego son columnas vertebrais de acción do Goberno da Xunta de Galicia, sobre as que apoia o seu labor. A aposta polo cambio manifestouse nunha asunción por parte das institucións da reorientación das políticas públicas facendo da igualdade un pilar fundamental. Para conseguir maiores cotas de desenvolvemento en Galicia cómpre unha transformación das condicións, relacións, tempos e dos espazos que manteñen ás mulleres nunha situación de desigualdade.

Pretendemos pois, con firmeza e con compromiso político recoñecer, de xeito merecido, a súa contribución imprescindible á construción da Galicia de hoxe, de sempre e a Galicia pola que todas e todos traballamos de cara ao futuro fundamentada nunha sociedade moderna, competitiva, cohesionada e igual.

Hoxe en día, a incorporación das achegas das mulleres ao proceso de transformación social que lidera o goberno galego comeza a ser unha realidade. Precisamente por iso, trasladamos a vontade política a feitos de aí o V Plan do Goberno galego de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2007-2010, a Lei para a prevención e tratamento da violencia de xénero e a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; o Plan de Fomento da Corresponsabilidade; o Plan Aurora, e o Plan de Saúde Integral das Mulleres; a constitución da Unidade Muller e Ciencia ou Deportes e Muller entre outras actuacións.

Lembramos hoxe unha data de loita da muller a prol da igualdade no traballo e na sociedade en xeral, e compartimos ese espírito con accións e medidas concretas que rompan as barreiras que o impidan, porque queremos conseguir a verdadeira participación en todas as ordes da vida e porque precisamos contar coa complicidade das mulleres para a transformación de Galicia desde a igualdade. Para isto enfiamos realidades na corresponsabilidade no traballo remunerado, no deporte, no medio rural, na sociedade do coñecemento, na promoción profesional, na formación, nas medidas conciliadoras da vida laboral, familiar e persoal, no desterro do acoso sexual e na loita sen descanso contra a violencia nas mulleres.

Refrendamos así, desde a Xunta de Galicia, a aposta dun Goberno cómplice e comprometido con todas as mulleres do país, porque só cando sexamos capaces de



aproveitar na súa totalidade a vital contribución, o pulo e a forza que todas as galegas xeran, seremos quen de acadar a Galicia desexada, pola que traballamos día a día.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2008